



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría  
Rúa Maestranza, s/n  
15071 A Coruña  
Tel.: 981 167 000  
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 8 de agosto de 2019 da Universidade da Coruña pola que se nomea Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial a Manuel Francisco González Penedo.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para vulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 13 de maio de 2019 (BOE do 31 de maio de 2019), para a provisión da praza número 19/036 de Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial, departamento de Computación desta universidade, a favor de Manuel Francisco González Penedo, con DNI núm. \*\*\*3959\*\* e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Manuel Francisco González Penedo, Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial, departamento de Computación desta Universidade.

Este nomeamento, surtirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", para estes efectos o mes de agosto será inhábil.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 8 de agosto de 2019

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

<b>Código Seguro De Verificación</b>	zLec8pHeCbRL4FWU3P9/xA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	08/08/2019 10:18:47
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/1
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/zLec8pHeCbRL4FWU3P9/xA==">https://sede.udc.gal/services/validation/zLec8pHeCbRL4FWU3P9/xA==</a>		

